

HABILIDADES SOCIAIS: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Introdución

Os conflitos son un fenómeno natural de tódalas organizacións. É máis, son algo consubstancial ao ser humano e ás súas interaccións sociais. Polo tanto é absolutamente normal e esperable que tanto nas aulas como nos centros educativos se produzan conflitos de xeito continuado.

O conflito foi, e é, valorado masivamente pola opinión pública en xeral coma algo negativo que se debe evitar a toda costa. Sen embargo, sociólogos, psicólogos e pedagogos veno como algo necesario na evolución das sociedades humanas e danlle o valor de factor de renovación e de cambio en toda comunidade. Polo tanto afrontalo de xeito positivo, e coa intención de que sirva para o desenvolvemento do grupo e da institución, debe ser un reto para as partes involucradas (Jares, 2001). Querémonos situar nesta última postura e asumimos unha perspectiva para afrontar os conflitos como oportunidades de transformación, creando alternativas de solución pacífica e equitativa, coa fin de mellorar a convivencia no centro educativo.

Case tódolos autores que tratan o tema entenden o conflito coma algún tipo de incompatibilidade na interacción entre persoas. Estamos de acordo coa definición que fai Torrego, para quen *“Os conflitos son situacións nas que dúas ou máis persoas entran en oposición ou desacordo, porque as súas posicións, intereses, necesidades, desexos ou valores son incompatibles e onde xogan un papel moi importante as emocións ou sentimentos”* (Torrego, 2003).

Os conflitos nunca se resollen sos ademais, se non se afrontan e se solucionan de xeito adecuado medran ou transfórmanse noutros de maior gravidade. Polo tanto, a evitación case nunca é aconsellable, aínda que se exerza nos centros con relativa frecuencia.

A estratexia xeral para solucionar un problema interpersonal contempla os seguintes pasos: Controlar o impulso inicial, buscar moitas alternativas de solución (pax 68 PEHIS), anticipar consecuencias para cada solución prevista (Pax 69 PEHIS), elixir unha solución (Pax 69 PEHIS), poñer en práctica e probar a solución elixida e avaliar os resultados obtidos.

HABILIDADES SOCIAIS: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS
TEMA: COÑECEMENTOS PREVIOS
NIVEL: 1º ESO.
<p>OBXECTIVO:</p> <p>Recoller información sobre os coñecementos previos</p> <p>Proporcionar información sobre o que son os conflitos, e estratexias de resolución de problemas.</p>
<p>DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:</p> <p>Solicitamos a axuda do grupo para que nos axuden a resolver un problema que di así: <i>Unha parella atópase pola mañá, recién levantados, na cociña e un lle pregunta ao outro ¿Que fas na cociña?, nada, contesta, viña por unha laranxa, vaia, di o outro, que coincidencia, eu tamén viña buscando unha laranxa. Abren a neveira e danse conta de que só queda unha.</i></p> <p>Tratamos de que nos axuden a responder a pregunta ¿Cómo resolver o problema? ¿Ti que lles proporías? A través dunha chuvia de ideas sen xulgar ningunha delas, anotámolas no encerado.</p> <p>Pedimos unha votación para ver cal solución é a que consideran máis axeitada, agradecemos a colaboración e comentamos o seguinte: ás veces cando nos enfrentamos aos problemas ou temos algún conflito con outro/a compañeiro/a buscamos solucións demasiado rápidas sen recoller toda a información acerca da situación ou sen buscar outras opcións antes de pensar na solución final, perdendo así a posibilidade de lograr acordos satisfactorios para ambas partes. ¿E se preguntamos ás partes na situación da cociña para que necesita a laranxa?, un contesta, teño sede e apetécame un zume, o outro contesta, eu quéroa para botar un cacho de pela no arroz con leite que fixen antonte.</p> <p>Cada parte pode coller o que quere, ás veces as solucións son sinxelas, é cuestión de comunicarse, pero noutras situacións non.</p> <p>Aprendemos a definir os conflitos e os elementos relevantes, para elo o titor/a fai grupos heteroxéneos de 4 ou 5 que terán que axudarse na preparación dunha ficha teórica (ficha 1) e dar a súa opinión do procedemento proposto.</p>
<p>RECURSOS</p> <p>Actividade 1ª sacada de Mediación de conflictos de Juan Carlos Torrego. Narcea</p> <p>Actividade 2ª: ficha 1: Solución de conflitos</p>

FICHA 1: SOLUCIÓN DE CONFLICTOS

É moi importante identificar os problemas interpersonais que se vos plantexan; se un non se da conta de que existe un problema, non fará nada para solucionalo. Logo buscar solucións, anticipar as consecuencias, elixir unha solución e probala.

1. Para identificar, delimitar e especificar un problema interpersonal é necesario dar resposta ás seguintes cuestións:

¿Cal é o problema? ¿Que ocorre nesa situación? ¿Que pasou?

¿Que fixeches ou dixeches? ¿Que o motiva?

¿Que fixo ou dixo a outra persoa? ¿Cal foi o motivo?

¿Que pensas ti que causou o problema?

¿Como te sintes?

¿Como cres que se sente a outra persoa?

¿Que pensaches nese momento? ¿Que te dixeches a ti mesmo/a?

¿Que cres que pensou a outra persoa?

¿Que queres conseguir ti? ¿Para que?

¿Que queres que faga a outra persoa? ¿Para que?

2. Buscar solucións cando se ten un conflito con outra persoa consiste en xerar e producir moitas alternativas de solucións posibles ó problema plantexado. Damos resposta as seguintes cuestións:

¿Como se pode resolver o problema?

¿Que se pode facer ou dicir para solucionar o problema?

¿Que farías ti para solucionar o problema? ¿Que máis?

¿Que outra cousa se podería facer?

¿Que outra cousa se che ocorre facer?

¿Que outra cousa farías se non puideses facer o anterior?

¿Que outra forma pode haber para solucionar o problema?

3. Anticipar consecuencias consiste en prever as consecuencias dos nosos actos e dos actos dos demais e consideralas ou telas en conta antes de actuar. Trátase de reflexionar e pensar o que posiblemente sucederá despois de poñer en práctica cada alternativa de solución, é dicir, pensar que posibles consecuencias ten cada solución; as consecuencias poden ser positivas ou negativas, poden analizarse dende o punto de vista dun mesmo e dende o punto de vista dos demais, ter en conta cando se é o actor ou actriz principal de cando se é receptor dun conflito iniciado por outro. Damos resposta ás seguintes cuestións:

Si eu fago... ¿Qué pode ocorrer despois?

Se a outra persoa fai.... ¿Que pode ocorrer despois?

¿Que cres ti que pode acontecer despois? ¿Que farás ou dirás? ¿Que farán ou dirán as outras persoas?

¿Que podería ocorrer despois se ti...?

¿Que podería ocorrer despois se a outra persoa...?

4. Elixir unha solución implica tomar unha decisión despois de avaliar cada alternativa de solución prevista chegando a determinar que solución se pon en práctica. É necesario facer unha boa avaliación de cada alternativa de solución e analizar “pros” e “contras” tendo en conta os seguintes criterios:

- As consecuencias anticipadas de cada alternativa
- O efecto que cada alternativa vai ter nun mesmo/a
- O efecto que cada alternativa vai ter nos outros
- As consecuencias para a relación con esa/s persoa/s a curto e longo prazo
- Efectividade da solución: ¿é unha solución que remata có problema ou crea outros?

Podemos ter en conta as seguintes cuestións:

Esta solución, ¿É unha boa idea? ¿Por que?

¿É perigosa? ¿Atenta á seguridade física dalgún dos implicados/as?

¿Esa solución é xusta?

¿Como afecta á outra persoa? ¿Como se vai sentir? ¿Tense en conta os seus dereitos?

¿Como che fai sentir esa solución?

¿Que consecuencias terá a curto e longo prazo?

¿É unha solución efectiva? ¿Resolve o problema? ¿Soluciona o problema creando máis?

De todo o que podes facer ¿Cal é o que máis te interesa? ¿Cal cres que dará mellor resultado?

5. Probar a solución elixida implica planificar a posta en práctica da solución, é dicir, planificar paso a paso como se vai executar a solución, que se vai facer, que medios se poñerán en xogo, que obstáculos poden aparecer e interferir na execución da meta, como se poden salvar, etc.

Implica os seguintes pasos:

- Planificar paso a paso o que se vai facer
- Recoñecer e anticipar os obstáculos que poden dificultar e/ou interferir no logro da meta
- Poñer en práctica a solución segundo o planificado
- Avaliar os resultados obtidos.

HABILIDADES SOCIAIS: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**TEMA: ESTRATEXIAS PARA RESOLVER CONFLICTOS****NIVEL: 1ºESO****OBXECTIVO:**

Mellorar as habilidades para o recoñecemento dos conflitos

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

Identificar problemas significa recoñecer que existe unha situación conflitiva e delimitala ou definila. A profesora pode facer preguntas ó alumno/a para que identifique problemas que ten con outros rapaces, se lle pide que formule o problema que axudaremos a resolver, asimesmo que especifique os sentimentos e pensamentos que atribúe ós demais é para que pense nos motivos que orixinan o problema.

A profesora pode poñer un exemplo de problema á clase, ou pide que alguén conte un problema (un rapaz deixou a outro un balón e sen querer estropeáronllo, este rapaz enfadouse moitísimo). A profesora pregunta: ¿Que pasou?¿Cal foi o motivo?¿Podes contar como te sentiches ti?¿E como cres que se sentiu o outro neno?¿Que pensabas ti? ¿Que queres lograr?¿Quen viviu unha situación como esa?¿Que che pasou?

Hai que tratar de que os rapaces discriminen e diferencien distintos tipos de conflitos que teñen cos seus iguais; por exemplo problemas de rexeite, agresión física, acusación, apropiación de pertenzas, etc.

Para identificar, delimitar e especificar un problema interpersonal é necesario dar resposta ás seguintes preguntas:

- ¿Cal é o problema?¿Que pasou?
- ¿Que fixeches ou dixeches?
- ¿Que fixo ou dixo a outra persoa?¿Que motivos provocan o que dixo ou fixo?
- ¿Cal foi a orixe de todo?¿Cal foi o motivo?¿Que pensas ti que causou o problema?
- ¿Como te sintes?
- ¿Como cres que se sente a outra persoa e que é o que o provoca?
- ¿Que pensaches nese momento?
- ¿Que cres que pensou a outra persoa?
- ¿Que queres lograr ti? ¿Para que?
- ¿Que queres que faga a outra persoa e para que?

Modelado

A profesora verbaliza en voz alta as preguntas que se fai a si mesma para identificar o

problema.

Por exemplo: Marga e máis eu pelexamos onte pola tarde á saída do colexio. ¿Que pasou?. Estabamos xogando e vin como Marga fixo unha trampa. ¿Qué fixen eu?. díxenlle: “fixeches trampa porque...” ¿Cómo me sentín eu?. Sentínme moi enfadada porque...

Práctica

Role-Playing/Dramatización:

O alumnado divídese en grupos ou equipos, A profesora reparte a cada grupo un ou varios debuxos ou fotos nas que se representa un conflito ou problema (FICHA 5).

Cada equipo ten que:

1. Identificar e formular o problema e analizar a situación conflictiva
2. Crear unha historia na que queden especificados: as emocións e pensamentos dos participantes, os motivos que provocaron a situación problemática e as metas que pretenden lograr os participantes.

A profesora tratará de que os alumnos/as preparen conclusións breves e claras sobre os sentimentos das persoas e o feito de aceptar a responsabilidade nos conflitos con outros.

Práctica oportuna:

A profesora pode aproveitar os conflitos reais que se producen na aula e recreo para analízalos e identificar o problema na situación real en que se producen.

Reforzo e feedback

Despois de que o alumnado participa na análise de situacións problemáticas refórzaselles verbalmente e proporcionaselles información sobre a súa execución.

Tarefas

Estimúlase a aplicación disto na casa. Pódeselles encomendar as seguintes tarefas:


- Escribir ou contar problemas que se tiveron nos últimos días con outros/as
- Observarte a ti mesmo, que fas, dis, pensas, sintes cando tes un problema con outros
- Observas a outros nenos/as en situacións conflictivas. Interpretar como se sinte cada persoa
- Recortar de revistas exemplos de situacións que reflexen problemas entre distintas persoas.

RECURSOS:

Imaxes de internet: Ficha 1

Sacado de PEHIS de M· Inés Monjas. Cepe.

FICHA 1



HABILIDADES SOCIAIS: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS
TEMA: COÑECEMENTOS PREVIOS
NIVEL: 2º ESO.
<p>OBXECTIVO:</p> <p>Recoller información sobre os coñecementos previos</p> <p>Proporcionar información sobre o que son os conflitos, e estratexias de resolución de problemas.</p>
<p>DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:</p> <p>O titor le en alto o conflito de Ana e Franciele e permite que expresen os distintos puntos de vista que existen sobre o problema.</p> <p>O titor/a forma pequenos grupos de discusión (de 4 a 6) heteroxéneos respecto ao criterio da perspectiva adoptada no problema que se discute, para favorecer o xurdimento da discrepancia e a participación activa de cada un deles.</p> <p>Vólvese propoñer o tema nunha discusión colectiva na que cada portavoz expón as conclusións do seu grupo así como os principais argumentos esgrimidos.</p> <p>Aprendemos a definir os conflitos e os elementos relevantes, para o que o titor/a fai grupos heteroxéneos de 4 ou 5 que terán que axudarse na preparación dunha ficha teórica, e posteriormente responden ás preguntas propostas na ficha 1 que terán que propoñer tamén ao gran grupo.</p>
<p>RECURSOS:</p> <p>Ficha 1 de elaboración propia baseado nun conflito real dun IES de Galicia.</p> <p>Ficha 1 da 1ª sesión: Solución de conflitos</p> <p>Baseado na discusión entre compañeiros de Díaz Aguado.</p>

FICHA 1

“Ana y Franciele, dúas alumnas de 1º de ESO, pelexáronse onte. Ana enterouse por unha amiga que Franciele a insultaba e decidiu que tiña que facer algo. Mentres que Ana se achegaba a Franciele que estaba na cafetería, as súas amigas, amigos e moitos alumnos e alumnas do centro que se enteraron, achegáronse con ela e miraban e alentaban a que a pelexa se iniciara, Ana pegoulle unha bofetada a Franciele. Outra rapaza maior que elas intentou paralas pero rematou pegándolle a Franciele, e todo finalizou cando a xefa de estudos chegou acompañada polo conserxe e levounas con ela”.

- Se ti foras Ana, ¿Que farías?
- ¿Como cres que deberían ter actuado estas compañeiras?
- ¿Como cres que deberían ter actuado os alumnos que miraban?
- ¿Como cres que se sentiron estas dúas rapazas?
- ¿Como cres que se sentiu a xefa de estudos cando viu a pelexa?
- ¿Como cres que se sentiron os que miraban?
- Cales son as consecuencias para Ana e Franciele
- Cales son as consecuencias para Ana e Franciele dende o punto de vista da xefa de estudos
- Cales son as consecuencias da pelexa para a xente que foi correndo a mirar
- ¿Sabes se había algún mediador cerca destas rapazas? Se contestas afirmativamente explica que debería ter feito.
- Cales cres que deberían ser as consecuencias para os que miraban
- As consecuencias para Ana e para a rapaza que intentaba axudar son positivas ou negativas, intenta explicarte.
- Que é para ti un conflito
- Pon exemplos de conflitos nos que participaches como parte implicada
- Pon exemplos de solucións que probaches algunha vez e explica se estas solucións tiveron unha consecuencia positiva para ti.

HABILIDADES SOCIAIS: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**TEMA: ESTRATEXIAS PARA RESOLVER CONFLICTOS****NIVEL: 2ºESO****OBXECTIVO:**

Mellora das habilidades para buscar solucións

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

Buscar solucións consiste en xerar e producir moitas alternativas de solucións posibles ó problema. Cando temos un problema e nos damos conta del, despois de analizar o conflito, temos que pensar en posibles solucións. É necesario que a profesora estimule ó alumnado para que pensen en moitas solucións. Nesta fase non debemos facer xuízos de valor sobre as solucións, é o alumnado quen as avaliará posteriormente.

Para buscar solucións a un problema interpersonal é necesario dar resposta ás seguintes preguntas:

- ¿Como se pode resolver o problema?
- ¿Que se pode facer ou dicir para solucionar o problema?
- ¿Que farías ti para solucionar o problema?¿Que máis?
- ¿Que outra cousa se podería facer?
- ¿Que outra cousa farías se non podes facer o anterior?

Cando temos un conflito con outro/a é necesario pensar en como podemos solucionalo, temos que esforzarnos en atopar distintas formas posibles de resolver o problema. Se pedimos a alguén que nolo solucione nunca aprenderemos a facelo nós e dependeremos sempre doutros.

Modelado

A profesora contesta ás cuestións en voz alta para que o alumnado vexa como o fai:

Por exemplo:

“Un neno insultoume cando entrabamos do recreo; eu sentínme moi enfadada porque ademais parecía que se estaba rindo de min. Teño que facer algo para solucionar este problema e que ese neno non me volva insultar”

¿Que podo facer?: podo decirllelo á profesora

¿Que máis podo facer?: podo insultalo eu tamén a él

¿Que outra cousa podo facer?: podo pasar del e facer como se non o escoitara

¿Podo facer algunha cousa máis?: si, podo decirlle que quero falar con él e...a profe pode seguir xerando moitas máis alternativas... sen avalialas.

Práctica:

Role playing/dramatización:

Os/as alumnos/as divídense en equipos, a cada equipo se lles propón un problema (fotos, debuxos, un problema real...Pódese utilizar a ficha 1). Buscarán alternativas para solucionalo. Interesa máis a cantidade que a calidade.

A profesora tratará de que extrain conclusións sobre a conveniencia de xerar moitas alternativas porque un mesmo problema pode ser solucionado de moitas maneiras.

Práctica oportuna:

A profesora pode aproveitar os conflitos reais que se producen e fará con eles unha análise da situación problemática. Tratarase de parar o conflito e entre todos buscar distintas formas de solucionalo.

Reforzo e feedback

A profesora debe eloxiar cada alternativa de solución que propoñan os alumnos/as, limitando neste caso a reforzar a produción de alternativas e non á calidade destas (excepto as alternativas agresivas).

Tarefas:

- Preguntar a amigos/as e familiares como solucionarían eles distintos problemas interpersonais. Recopilar moitas formas de solucionar algún dos teus conflitos

RECURSOS:

Ficha 1 (casos reais dun IES de Galicia e “El crecimiento moral, de Piaget a Kohlberg” Hersh y Reimer. Narcea)

Sacado de PEHIS de M· Inés Monjas. Cepe.

FICHA 1

CASO 1

Descúbrese a tres nenas fumando no IES no baño. Unha profesora descúbreas e manda as rapazas á dirección. Dúas delas xa foron castigadas pola mesma razón anteriormente. A outra non estaba fumando, pero sábese que fuma fóra da escola cos seus amigos.

CASO 2

Bea fala polo mésenger co mozo de Lucía, Lucía entérase e discuten insúltándose unha a outra, péganse ata que a xefa de estudos as separa.

CASO 3

Francisco falsifica o boletín de notas da 2ª avaliación coa axuda dun amigo que non é do Instituto, como tivo partes de mal comportamento, a titora vai chamar a casa e solicitar cita cos seus pais.

CASO 4

O venres puxeron moitos deberes, o grupo portouse mal ese día, Carme non se portou mal. O sábado é o cumpleanos de Carme pero como tivo tantos deberes, a maior parte do tempo da festa pasouno no seu cuarto facendo deberes.

O luns Carme levaba todo feito e atopou unha amiga, Ana, que non levaba nada feito e choraba. Ana pídelle que se lle pode copiar os deberes, Carme deixoulle copiar os deberes xa que eran amigas. Cando chegaron á clase, o profesor pediu a todos que levaran o traballo a súa mesa, tiña escoitado que algúns rapaces copiaron e pediu que os que copiaran ou deixaran copiar quedaran no sitio. Carme decide ser sincera e quedar no sitio.

CASO 5

Xurxo é un rapaz de 14 anos que quere ir a un campamento. O seu pai prometeulle que pode ir se consegue aforrar o diñeiro el mesmo. Xurxo traballou moito coidando duns primos pequenos e aforrou 40 euros que é o que custa, e un pouco máis.

Xusto antes de que comece o campamento, o seu pai cambia de idea. Algúns dos amigos do seu pais deciden ir de pesca e o pai non ten cartos e pídellos a Xurxo. Xurxo

non quere renunciar a ir ao campamento, así que pensa en negarse a darlle ao seu pai o diñeiro.

CASO 6

Dúas persoas tiñan que cruzar un deserto. Cando comezaron, as dúas tiñan a mesma cantidade de comida e auga. Cando estaban no medio do deserto, a cantimplora dun rómpeuse e sálese toda a auga. Os dous saben que si comparten a auga, probablemente morrerán de sede ambos. Se un ten auga, sobrevive. ¿Qué deben facer?

CASO 7

Alguén vaciou un extintor no pasillo das aulas de 4ºESO, despois de que a dirección do centro tentou que os que o fixeron confesaran sin éxito, castiga a todo 4º sen poder participar das saídas e sen excursión ata que os culpables confesen.

CASO 8

O profesor de matemáticas a miúdo pide aos alumnos que traballen xuntos e se axuden. Aos rapaces gústalles traballar xuntos porque así rematan a maior parte do traballo en clase e teñen menos deberes. Carlos e Tomás son dous rapaces que lles gusta traballar xuntos, Cristina e Elena son dúas rapazas que tamén lles gusta traballar xuntas. O profesor normalmente deixa que os amigos/as traballen xuntos. Pero un día, Elena non veu e Cristina queda sen compañeira, o profesor pide a Carlos e Fernando que, se non lles importa, axuden a Cristina deixándoa traballar con eles. Eles din que non queren.

HABILIDADES SOCIAIS: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS
TEMA: COÑECEMENTOS PREVIOS
NIVEL: 3º ESO.
<p>OBXECTIVO:</p> <p>Recoller información sobre os coñecementos previos respondendo as preguntas en parellas</p> <p>Proporcionar información sobre que son os conflitos, e estratexias de resolución de problemas.</p>
<p>DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:</p> <p>Cumprimentación do cuestionario por parellas</p> <p>En parellas, un ten o papel de entrevistador/a e o outro/a o de entrevistado/a. A entrevistadora expón as seguintes preguntas e escoita con atención as respostas do compañeiro/a sen comentalas, pero procurando comprender ben o pensamento do outro/a. Despois de 5 ou 10 minutos invértense os papeis.</p> <p>As preguntas son dúas: “que é o que normalmente fas cando...” e “como te sintes cando...”:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Alguén te insulta; – Alguén te acusa inxustamente de ter feito algo que non fixestes; – Castigante por algo que, efectivamente, fixestes; – Alguén se mofa de ti diante dos outros; – Alguén te interrompe e non te deixa rematar de falar; – Alguén che dà un empuxón. <p>Aprendemos a definir os conflitos e os elementos relevantes, para o que nas mesmas parellas terán que axudarse na preparación dunha ficha teórica (a ficha 1) e poñer exemplos de conflitos reais e solucións que trouxeron consecuencias positivas para as dúas partes.</p>
<p>RECURSOS:</p> <p>Ficha 1 (Educación socioafectiva: Daniele Novara y Elena Passerini)</p> <p>Ficha 1 de 1ªESO: Solución de conflictos</p>

Ficha 1

QUÉ É O QUE NORMALMENTE FAS CANDO....	COMO TE SINTES CANDO....
– Alguén te insulta;	– Alguén te insulta;
– Alguén te acusa inxustamente de ter feito algo que non fixestes;	– Alguén te acusa inxustamente de ter feito algo que non fixestes;
– Castígante por algo que, efectivamente, fixestes;	– Castígante por algo que, efectivamente, fixestes;
– Alguén se mofa de ti diante dos outros;	– Alguén se mofa de ti diante dos outros;
– Alguén te interrompe e non te deixa rematar de falar;	– Alguén te interrompe e non te deixa rematar de falar;
– Alguén che dá un empuxón.	– Alguén che dà un empuxón.

HABILIDADES SOCIAIS: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS 3ºESO**TEMA: ESTRATEXIAS PARA RESOLVER CONFLICTOS****NIVEL: 3ºESO****OBXECTIVO:**

Mellora das habilidades para elixir a solución que mellores consecuencias ten para as dúas partes

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

Elixir unha solución implica tomar unha decisión despois de avaliar cada alternativa de solución prevista, chegando a determinar que solución se pon en práctica. Para tomar esa decisión correctamente e elixir a solución máis axeitada é necesario facer unha boa avaliación de cada alternativa de solución e analizar “pros” e “contras” tendo en conta os seguintes criterios:

- As consecuencias anticipadas de cada alternativa
- O efecto de cada alternativa para un mesmo ¿Como me vou sentir eu?
- O efecto de cada alternativa en outros ¿Como se van sentir?¿ Respétanse ou lesiónanse os seus dereitos?¿É unha solución xusta?
- As consecuencias para a relación con esa persoa a curto e longo prazo
- Efectividade da solución ¿É unha solución que acaba co problema?¿Crea outros novos problemas?. Hai que diferenciar entre alternativas relevantes, irrelevantes, posibles, imposibles...

Se eliximos unha alternativa inadecuada, o problema non se soluciona totalmente, pode traer consecuencias negativas que xerarán outros problemas. Si eliximos a opción xusta, efectiva, que teña en conta os sentimentos propios e alleos, o problema probablemente desaparecerá.

Para elixir unha solución cando se ten un problema, é necesario ter en conta cada posible solución e avaliala tratando de dar resposta ás seguintes preguntas:

- Esta solución. ¿É unha boa idea? ¿Por que?
- ¿É perigrosa? ¿Atenta á seguridade dalgún dos implicados?
- ¿Esa solución é xusta?
- ¿Como afecta á outra persoa? ¿Como se vai sentir? ¿ Téñense en conta os seus dereitos?
- ¿Como te fai sentir a ti esa solución?
- ¿Que consecuencias terá a curto e longo prazo para a relación coas outras persoas?

- ¿É unha solución efectiva? ¿Resolve o problema? ¿Soluciona o problema creando outro ou outros problemas?
- De todo o que podes facer ¿Cal é o que máis che interesa? ¿Cal cres que dará mellor resultado?

Modelado

A profesora verbaliza en voz alta:

“Cando expuxemos os debuxos na clase, Xosé riuse do meu e dixo que estaba fatal, a min sentoume mal porque me esforcei por facelo ben. Ademais díxoo diante de todos. Estou enfadado.”

¿Que podo facer?. Nese momento apetecíame insultalo, pero fixen ben en frenarme e calar, pero teño que pensar que podo facer para solucionar este problema e que Xosé non se volva meter connigo. Podo falar con él e decirlle que...Tamén podo rir cando él presente un traballo...

¿Que solución elixo? Se lle advirto que non o volva facer e o fago dun modo correcto, con ton firme pero sen avasalar, creo que el se sentirá incómodo e non o volverá facer. Eu sentireime fenomenal porque é xusto que se respete o meu traballo. Se me rio cando el presente o seu traballo, creo que el se sentirá mal como eu me sentín. Eu alegrareime nese momento, pero despois arrepentireime. Ademais non é xusto para el, seguro que lle senta mal e empeza a fastidiarme máis. Non esta non é unha boa solución porque creará máis problemas.

Práctica

Role-playing/dramatización:

A profesora presenta varios problemas dos que se analizaron previamente na clase, é dicir, problemas con distintas alternativas de solución. Pídelles que ordenen as solucións polo seu grao de adecuación en función de distintos criterios (xustiza, sentimentos do neno que inicia o conflito, ou do que recibe o problema...).

Práctica oportuna:

Trataríase de que o alumnado adquira o hábito de reflexionar antes de actuar e de que aprendan a tomar unha decisión avaliando cada alternativa. Proporciónase reforzo e feedback.

Tarefas

- Facer unha lista de posibles solucións a un conflito que teñas esta semana con outros nenos. Avalía cada unha delas e ordénalas en función da súa adecuación.
- Pedir opinión a outros nenos e adultos sobre que solución poñerían en práctica

ante distintos problemas interpersonais.

RECURSOS:

Sacado de PEHIS de M· Inés Monjas. Cepe.

HABILIDADES SOCIAIS: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS
TEMA: COÑECEMENTOS PREVIOS
NIVEL: 4º ESO.
<p>OBXECTIVO:</p> <p>Recoller información sobre os coñecementos previos</p> <p>Proporcionar información sobre que son os conflitos, e estratexias de resolución de problemas.</p>
<p>DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:</p> <p>Cumprimentación do cuestionario de forma individual e pequeno debate sobre as respostas dadas.</p> <p>Aprendemos a definir os conflitos e os elementos relevantes, para o que o titor/a fai grupos heteroxéneos de 4 ou 5 que terán que axudarse na preparación dunha ficha teórica (ficha 1 de 1º ESO), e posteriormente responden de novo ás preguntas propostas na ficha 1 que terán que propoñer tamén ao gran grupo.</p>
<p>RECURSOS:</p> <p>Ficha 1 (“¿Cómo mejorar la autoestima de los alumnos, habilidades sociales complejas. Estudita Martín Hernández. CEPE)</p>

Ficha 1

Hoxe imos falar de conflitos e da importancia que ten saber resolvelos de forma axeitada, para evitar sentirnos mal con nós mesmos e para evitar maiores problemas, pero antes imos comprobar o que sabedes do tema.

Contesta coas túas palabras:

¿Que entendes por conflito?

¿Que farías ou dirías se un compañeiro se mofa de ti?

Describe algún conflito que tiveses hoxe con algún compañeiro, pais ou profesores

Actuaches de forma rápida e impulsiva?

Parácheste a pensar sobre a mellor solución?

¿Como te sentiches?

¿Como cres que se sentiu a outra persoa?

HABILIDADES SOCIAIS: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**TEMA: ESTRATEXIAS PARA RESOLVER CONFLICTOS****NIVEL: 4ºESO****OBXECTIVO:**

Mellora das habilidades para poñer en práctica distintas solucións a conflitos

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

Probar a solución implica planificar a posta en práctica da solución, é dicir, planificar paso a paso como se vai executar a solución, que se vai facer, que medios poñeremos en xogo, que obstáculos poden aparecer e interferir a consecución das metas, como se poden salvar, etc.

Despois da posta en práctica é necesario avaliar os resultados obtidos; se estes foron efectivos remata o proceso, pero se non foron efectivos, é necesario por en práctica outra solución seguindo o mesmo proceso sinalado.

Promoverase que descubran a importancia que para eles ten o saber poñer en práctica axeitadamente a solución elixida. Se se planifican paso a paso os medios necesarios, lograrase o que se pretende, pero se se actúa impulsivamente sen reflexionar nin planificar, é probable que non se consiga a meta.

Para probar a solución elixida hai que:

- Planificar paso a paso o que se vai facer
- Recoñecer e anticipar obstáculos que poidan interferir e dificultar o logro da meta
- Poñer en práctica a solución según o que se planificou
- Avaliar os resultados obtidos

Modelado

A profesora modela a posta en práctica da solución elixida dando autoinstrucións de forma que os alumnos observen como vai planificando a súa actuación.

“Enrique foi con outros amigos e non me esperou á saída. A min sentoume fatal, podería decirmo no recreo. ¿Por que non me esperou? ¿Estará enfadado conmigo?. Non me gustaría que o volvera facer. Para solucionar este problema pensei varias solucións: non esperalo eu outro día, chamarlle egoísta, falar con el e dicirlle o que me pareceu mal, etc. Despois de pensar no que podo facer, creo que a solución é falar con él e solucionar o problema directamente. ¿Que teño que facer para lograr isto? ¿Como poño en práctica a solución elixida?. Creo que o mellor é esperar a mañá na hora do recreo: primeiro acercareime a el e direille: “Enrique quero falar contigo”; despois direille o

mal que me sentín onte cando...”

É conveniente que se modele a anticipación de obstáculos que poden aparecer e poden interferir na consecución da meta. Ademais tense que modelar a forma de superar eses obstáculos.

“Pode que Enrique esté enfadado, pode ser que non me faga caso e diga que non ten tempo de falar connigo; nese caso direille que “é cousa dun momento” ou tamén “vale, ¿Falamos entón logo, á saída?”

Ó final do proceso modélase tamén a avaliación dos resultados obtidos.

“¡Bravo!, fíxeno fenomenal e logrei o que pretendía. Enrique entendeu o que lle dixen” ou “Non me saíu ben, ¡Non importa! Probarei outras solucións. Vou pensar ben en como o teño que facer.

Exemplos suxeridos:

- Eres novo na zona e non coñeces a ninguén. Para facerte amigo doutras rapazas ou rapaces decidiches que a solución foi pedirlo ó teu veciño, un neno/a da túa mesma idade. ¿Queres poñer en práctica esa solución e probar se resulta?
- Lidia é moi mandona. Entre varias amigas, e despois de pensar en varias alternativas decidistes que non a ides deixar e que vos opoñeredes cando vos mande. ¿Queres probar esa solución?

Práctica

Role-playing/dramatización:

O alumnado agrúpase por equipos. A profesora presenta a cada equipo un problema interpersonal xunto a súa solución e entre todos teñen que determinar os medios que utilizaron para lograr ese fin.

Problema: Yago está aburrido e só en casa

Solución: Yago está con Margarita no parque e estanse divertindo xuntos.

O alumnado deberá sinalar paso a paso os actos intermedios para chegar a esa meta. A profesora tamén lles pide que prevexan os posibles obstáculos e como salvarlos. Unha vez finalizado, os alumnos dramatizan esa solución, reparten os papeis e ensaian a posta en práctica dos pasos para chegar a esa solución.

Noutro momento, cada equipo ensaia a posta en práctica de distintas solucións. Neste caso a profesora presenta a cada equipo unha situación interpersonal conflictiva (analizada xa previamente, é dicir con distintas alternativas de solución, consecuencias

previstas, etc) e o alumnado planifica e practica ou dramatiza distintas solucións e posteriormente avalía os resultados obtidos. É importante que para o mesmo problema, o mesmo alumno asuma distintos papeis en sucesivos ensaios para que aprenda a tomar distintos puntos de vista.

Práctica oportuna: aproveitaranse os conflitos reais para que os rapaces planifiquen a súa actuación.

Feedback e reforzo

É importante proporcionarlles información sobre o que fixeron ben para que o repitan en posteriores ocasións, e tamén sobre os aspectos que necesitan mellorar.

Tarefas

- Nos problemas interpersonais que te propoñan esta semana, despois de analizalos e buscar unha solución, deberás planificar detalladamente a posta en práctica desa solución.
- Preguntar a outros como poñerían en práctica distintas solucións a problemas interpersonais.

Facer un comic/debuxo con viñetas dos pasos que deches para poñer en práctica e probar a solución a un conflito

RECURSOS:

Sacado de PEHIS de M· Inés Monjas. Cepe.

HABILIDADES SOCIAIS: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**TEMA: ESTRATEXIAS PARA RESOLVER CONFLICTOS****NIVEL: 1º,2º,3º,4ºESO****OBXECTIVO:**

Mellora das habilidades para anticipar consecuencias

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

Para anticipar consecuencias, trataremos de reflexionar e pensar o que posiblemente sucederá despois de poñer en práctica cada alternativa de solución, é dicir, pensar que posibles consecuencias ten cada solución.

As consecuencias poden ser positivas ou negativas, deberemos tamén ter en conta as consecuencias para un mesmo e para as outras persoas que interveñen no conflito. A profesora pode presentar as distintas alternativas de solución e preguntar ó alumnado polas consecuencias, por exemplo:

“Enfadáche e coa rabia rompiches a folla de traballo do teu compañeiro de mesa. Pídeslle perdón cando te das conta do desagradable que fuches con el. ¿Que pode ocorrer despois de que lle pides perdón? E se en lugar de pedir perdón riste, ¿qué cres que fará o teu compañeiro?

A profesora pode comentar que si prevemos as posibles consecuencias poderemos tomar unha decisión máis acertada porque teremos maior coñecemento dela.

Para anticipar consecuencias a un problema interpersoal é necesario ter en conta cada posible solución e dar resposta ás seguintes preguntas:

- Se eu fago....¿Que pode ocorrer despois?
- Se a outra persoa fai...¿Que pode ocorrer despois?
- ¿Que cres que pode suceder despois?¿Que farás ou dirás?¿Que farán ou dirán as outras persoas?
- ¿Que podería ocorrer despois se ti..?
- ¿Que podería ocorrer se a outra persoa...?

Modelado

A profesora pon exemplos de anticipación de consecuencias en voz alta para que os alumnos observen como pensa:

“Un neno insultoume”:

- Se llo digo á profesora ¿Que pode ocorrer despois?. A profesora reñe ó neno entón ese rapazponse máis furioso connigo.
- Se o insulto eu a el, el pode insultarme máis, pode pegarme...¿e el é máis forte

ca min!

- Se paso del e fago como se non me enterase, os compañeiros chamaranme cobarde e sentireime fatal.

Outros exemplos: Alguén te acusa de algo que ti non fixeches. Uns rapaces rétanos a unha pelexa a ti e ós teus amigos. Non te deixan xogar ó fútbol. Rompiches a bicicleta de Ana.

Práctica

Role-playig/Dramatización:

A profesora pon exemplos de problemas interpersonais ou pide ó alumnado que poñan exemplos de problemas que tiveron con outros nenos. Despois de analizar conflitos e buscar diversas alternativas de solución, a profesora incítalles para que busquen e anticipen distintas consecuencias para a mesma situación conflictiva.

É conveniente que de cada alternativa busquen posibles consecuencias:

- Positivas e negativas
- Para o suxeito e para outros implicados no problema

Práctica oportuna:

A profesora pode aproveitar os conflitos reais e fará con eles unha análise da situación problemática, para anticipar posibles consecuencias.

Reforzo e feedback

A profesora debe eloxiar cada consecuencia anticipada e proporcionar información sobre os aspectos concretos a resaltar ou modificar.

Tarefas

A profesora ten que estimular e favorecer nos nenos que apliquen na súa vida as habilidades de solución de problemas que ensaian e practican na aula. Para o que lles encomendará distintas tarefas:

- Nos problemas que teñas con outros no recreo durante esta semana, pensar nas posibles consecuencias de cada unha das cousas que podes facer para solucionar o conflito.
- Preguntar a outros nenos ou adultos que consecuencias positivas ou negativas preven eles para as distintas alternativas

RECURSOS:

Sacado de PEHIS de M· Inés Monjas. Cepe.

HABILIDADES SOCIAIS: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS
TEMA: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS EN GRUPO
NIVEL: toda a ESO
OBXECTIVO: <p>Experimentar a necesidade de que a clase se organice para ser eficaz, en situacións de grupo grande de traballo.</p>
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: A peceira <p>Pídese que un número de alumnos voluntarios discutan sobre un tema. Colócaselles en círculo no medio da clase. O resto da clase sitúase fora do círculo para facer de observadores.</p> <p>Entrégase a cada un dos observadores un cuestionario de observación do grupo (ficha 1) e pídeselle que anote as súas observacións seguindo as preguntas do mesmo.</p> <p>Terán 20 minutos para poñerse de acordo sobre cales son os problemas que existen na clase en estudio e convivencia. Ao termo dese tempo deberán presentar unha listaxe de dificultades ou problemas e as causas polas que ao seu xuízo se dan. Recordamos que a súa tarefa consiste en elaborar unha listaxe de problemas e causas de cada un deles.</p> <p>Tódolos membros do grupo deberán estar de acordo, tanto nos problemas como nas causas que presenten.</p> <p>Ao termo dos 20 minutos pídeselles aos observadores que pasen ao centro e que os que formaron o grupo de discusión pasen a ser observadores.</p> <p>Repártese a cada un dos observadores un exemplar do cuestionario de observación do grupo e pídeselles que anoten as súas observacións seguindo as indicacións do mesmo.</p> <p>Díselles que terán 20 minutos para encontrar as mellores solucións aos problemas ou dificultades que os seus compañeiros sinalaron anteriormente. Deberán ser solucións concretas e coas que todos os do grupo terán que estar de acordo.</p> <p>Logo pásase a ter un diálogo sobre como se organizaron os grupos. Pode facerse do seguinte modo:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Como se organizou o grupo 1: <ol style="list-style-type: none"> a. Informe dos observadores b. Diálogo dos observadores-grupo 2. Como se organizou o grupo 2: <ol style="list-style-type: none"> a. Informe dos observadores b. Diálogo dos observadores-grupo c. ¿Como influíu no traballo do grupo 2 o feito de que actuaron como

observadores no 1º paso?

Este exercicio ten por finalidade facer reflexionar ao grupo da necesidade dunha organización en situacións de gran grupo de traballo ou discusión. Insistirase na necesidade de que existan moderador, secretario e un método de traballo, cando a clase se xunta en asemblea ou se tratan temas de discusión a nivel de clase.

Para este exercicio pode utilizarse a aula pero sería conveniente un local amplo sen mesas, só con cadeiras onde os grupos poidan estar cómodos, por exemplo a aula de música, o ximnasio, etc.

A profesora pode serverse da ficha 2 para explicar as funcións do moderador.

RECURSOS

Ficha 1: Cuestionario de observación do grupo

Ficha 2: Funcións do moderador

Tutoría con adolescentes de Brunet y Negro.

FICHA 1: CUESTIONARIO DE OBSERVACIÓN DO GRUPO

Toma nota das túas observacións, seguindo estes puntos. Fíxate ben en como o grupo se organiza nestes aspectos.

1. Organización do grupo:

- ¿Existe moderadora?
- ¿Como fixo o grupo para designala?
- ¿Que funcións realizou ao longo da reunión?
- ¿A súa actuación foi eficaz?
- ¿Existe secretario?
- ¿Que funcións realizou ao longo da reunión?
- ¿A súa actuación foi eficaz?

2. Tratamento do tema

- ¿Que orde seguiu o grupo para discutir o tema?
- Observa e anota os pasos que dan no tratamento do tema

FICHA 2: Funcións do moderador e secretario nun grupo de traballo

Funcións dun bo moderador dun grupo

O moderador é unha peza clave na dinámica interpersoal e na eficacia do traballo dentro do grupo. Para mellorar a súa acción, un bo moderador terá que:

No comezo da reunión:

- Comezar con puntualidade
- Expoñer con claridade cales son os obxectivos da reunión
- Propoñer o horario a seguir, se a reunión vai ser longa
- Axudar ao grupo a determinar que problemas se terán que tratar
- Propoñer un plan de traballo, é dicir, os puntos de discusión, en que orde se van tratar e con que método de traballo a partir do falado na reunión anterior. O grupo debe discutir brevemente estas propostas e aceptar o plan de traballo que lle pareza mellor
- Concretar os feitos, como punto de partida do tema ou do problema que se debate, e iniciar a discusión.

Ao longo da reunión: o papel fundamental do moderador é conducir a reunión, facer de árbitro nas intervencións, como un garda de circulación, e favorecer ao máximo a participación de tódolos membros do grupo e o intercambio de ideas.

- Dar a palabra por orde, dando oportunidade a todos para intervir e procedendo sempre conforme a unha orde determinada que o grupo debe coñecer (orde de petición de palabra, orde de colocación no grupo, etc)
- Esixir que todos os que desexen intervir pidan a palabra e se dirixan a el.
- Manter o tema, evitar as disgresións
- Coordinar os distintos puntos de vista, propoñer ao grupo solucións para sacar a discusión dos puntos mortos ou para coordinar posturas diferentes sobre o tema.
- Utilizar correctamente as axudas necesarias e a información de que dispón (pizarra, proxeccións, documentos, etc)
- Repetir, aclarar o sentido das distintas intervencións, sintetizalas a medida que avanza a discusión
- Resumir con frecuencia e brevemente o tratado, recordando ao grupo o punto en que se está e as posturas ou propostas que se teñen formulado sobre o tema

- Facilitar o intercambio de ideas. Dar a mesma oportunidade a todos para intervir. Evitar que se acapare a discusión por parte duns poucos. Invitar a participar e dar a súa opinión aos menos faladores.
- Animar a discusión en todo momento: estimular, suxerir, preguntar.
- Evitar os enfrontamentos afectivos ou emocionais. Reducir as tensións.

No final da reunión:

- Concretar un plan de acción
- Distribuir as responsabilidades de acción entre os distintos membros do grupo
- Enumerar os acordos tomados
- Facer ler ao secretario o resumo da reunión. Fixar día, hora e lugar da seguinte reunión, se o grupo ten que seguir traballando sobre o tema.
- Finalizar á hora prevista.

Funcións dun bó secretario dun grupo

O secretario é a memoria do grupo. O seu papel é moi importante para completar a acción do moderador e para axudar ao grupo a tomar conciencia da situación do seu traballo.

Ao comezo da reunión

- Recordar os acordos tomados na reunión anterior
- Recordar o estado da discusión nese momento
- Preparar o necesario para tomar notas da reunión que comeza
- Tomar nota dos asistentes á reunión, a hora, a data, e o lugar en que se celebra e de quen modera a sesión.

Ao longo da reunión e debate

- Tomar nota dos puntos máis destacados da discusión:
 - As partes ou temas que se discuten
 - As razóns a favor e as razóns en contra
 - As propostas que se fan
 - As propostas que se aproban e o número de votos
 - As decisións que se toman

- Resume brevemente o estado da discusión, a petición do moderador ou do grupo, no momento en que llo pidan.
- En caso de dúbida consultar ao grupo sobre o sentido dunha proposta ou unha intervención calquera. Non debe adiviñar nen interpretar o que se di.

No final da reunión

- Anota as decisións tomadas e as responsabilidades que se acordaron
- Le o resumo da reunión, a petición do moderador
- Redacta a acta da reunión e envíaa a todos os membros do grupo, se é preciso.

HABILIDADES SOCIAIS: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS (TODA A ESO)
TEMA: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS EN GRUPO
NIVEL: toda a ESO
OBXECTIVO: Entrenar as técnicas de organización do grupo Mellorar o tratamento dos problemas grupais
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: Os problemas de Juan Manuel Divídese a clase en tres grupos de 7 persoas aproximadamente, pídense voluntarios en cada grupo para facer de observadores durante a sesión. A titora reparte a cada observador un exemplar da ficha 1 (cuestionario de observación do grupo), e pídelles que preparen o necesario para realizar a súa tarefa mentras da as instrucións ao resto dos grupos. Entrega logo a cada un dos membros dos grupos un exemplar da ficha 2 (Juan Manuel ten problemas) e dálles as seguintes instrucións: “Vos sodes un grupo de amigos/as a quen Juan Manuel pide axuda. A vosa tarefa consiste en estudar o problema do voso amigo e propoñerlle solucións concretas que lle poden axudar a resolvelo. Dispoñedes de 30 minutos. Organizádevos de modo que sexades eficaces e que as solucións propostas sexan de todo o grupo.” Os grupos comezan o seu traballo. Procurárase que non haxa interferencias entre os grupos. Posteriormente, dialógase en gran grupo: 1. Análise das funcións do moderador e do secretario: <ul style="list-style-type: none"> – A súa existencia – Funcións desenvolvidas – A súa eficacia Pode procederse na seguinte orde: <ul style="list-style-type: none"> – Informan os observadores grupo a grupo – Opinións dos participantes – Breve diálogo 2. Análise da orde ou método que os grupos seguiron no tratamento do problema: <ul style="list-style-type: none"> – Informan os distintos observadores, e colócanse na pizarra as súas

observacións de modo comparativo.

- Opinións dos participantes nos grupos sobre o método seguido
- Diálogo xeral. A profesora explica os pasos dun bo método para estudar un problema de grupo, seguindo as ideas da ficha 3 (Método para analizar un problema en grupo)

Convén repetir exercicios similares para que o grupo utilice con seguridade o método de traballo que se explica. Para o que a titora pode idear moitas situacións que servan de tarefa ao grupo, a partir da vida diaria da clase mesma. Por exemplo, poden tomarse como tarefas:

- A organización dunha festa na clase
- A organización dun festival en pro de..., de carnaval, etc
- A organización dun campeonato de fútbol ou outro xogo
- A organización de concursos
- A organización dunha saída ao monte...

Poden tomarse como exemplo de problemas:

- Problemas relacionados co estudio
- Problemas relacionados coa disciplina
- Un problema referente ás relacións pai e fillo
- Un problema de relación profe-alumno
- Un problema de amizade dentro da clase
- Un problema de relacións rapazas e rapaces
- Un problema de Meicende: o paro, delincuencia, falta de locais de diversión, falta de zonas verdes, incremento de macarras na rúa, drogas, etc.

É importante que estes problemas estén moi relacionadas coas situacións reais que viven os alumnos. Poden aproveitarse estes entrenamentos para analizar problemas reais do grupo.

Cando se repita o exercicio é importante cambiar o moderador e o secretario, e asimesmo, que a propia titora dirixa ou modere algunha vez ao grupo seguindo estrictamente o método de resolución dun problema que propoñemos.

RECURSOS

Ficha 1

Ficha 2: Juan Manuel ten problemas

FICHA 2: JUAN MANUEL TEN PROBLEMAS

Juan Manuel estudia 1º ESO, vai tirando, con algúns suspensos e pasando polos pelos. Dí que quere finalizar a ESO e logo facer FP de grao medio, en realidade o que lle gustaría facer é algo relacionado cos automóbiles, porque lle gustan moito os coches, e porque non quere estudar: non lle gusta estudar.

Xeralmente só estudia cando lle van preguntar na clase, ou cando chegan as avaliacións. Entón sí, entón como el di, estudia a tope, vézelle co libro ata nos recreos, mentras come e no pouco espazo que lle queda entre a comida e a hora do cole (os luns). Pero a pesar destes esforzos, non chega as veces ao aprobado e suspende.

Cando estudia na casa, soe facelo onde máis lle apetece. Unhas veces, na sala de estar. Dí que alí estase cómodo, porque hai sofás, ademáis, pode poñer de vez en cando un pouco a tele, só un momento, para ver un programa interesante. A verdade é que logo ten que apagala no medio dunha bronca soberana da súa nai. Outras veces estudia na cociña, porque alí hai unha mesa grande e cómoda. Outras no seu cuarto. Cando está no seu cuarto, góstalle estudar tumbado na cama, ás veces coa música posta. Dí que a música lle axuda a estudar. O seu pai enfádase moito con el por isto. Óbrigalle a poñerse na mesa da súa habitación e apagar o aparato de música porque se distrae, faille estar en babia, e esa é a causa dos seus suspensos según el.

A verdade é que Juan Manuel está farto de tanta bronca na casa, tanta insistencia dos seus pais e dos seus profesores sobre os estudos, parécelle canso. El quere que o deixen en paz, quere tamén non ter máis suspensos, pero non sabe que facer.

¿Poderías axudalo?

Deberedes solucionar o problema do voso amigo en grupo. A vosa tarefa consistirá en estudar xuntos a situación e propoñer polo menos unha solución concreta que poida axudarlle realmente a resolver o seu problema. Todos deberedes estar de acordo coa proposta que fagades. Para o que, suxerímosvos que sigades esta orde de discusión:

1. Analizade detidamente os datos da situación de Juan Manuel: ¿Que lle pasa? ¿Como estudia? ¿Onde estudia? ¿Cando ten dificultades? etc.
2. Concretade o seu problema: ¿En que consiste exactamente o problema?

3. Analizade tódalas posibles causas do mesmo
4. Pensade en tódalas cousas que se poderían facer para resolver o problema, e discutide todas elas, os seus pros e contras.
5. Decidide cal é a solución máis viable e máis realista.

FICHA 3: MÉTODO PARA ANALIZAR UN PROBLEMA EN GRUPO

Documento para o profesor/a

1. Investigar os feitos é dicir: analizar a realidade da que se parte. Para o que a clave está en facer as seguintes preguntas: ¿Que? ¿Quen? ¿Onde? ¿Cando? ¿Como?
2. Delimitar o problema: chegar a un prantexamento común da cuestión, a partir dos feitos analizados. Todo o grupo deberá estar de acordo co punto de vista dende o que se estudiará o problema. A pregunta que, como grupo, debe facerse nesta fase do traballo é a seguinte: ¿En que consiste exactamente o problema? Ponlle un título como se fose un titular de prensa.
3. Analizar as causas: o grupo procede a unha análise rigurosa e exhaustiva das causas do problema. É unha etapa ingrata, pero absolutamente necesaria para dar coas solucións máis axeitadas posteriormente. A pregunta clave do método é ¿Que motiva que estén así as cousas? ¿Qué factores inflúen nesta situación?
4. Buscar a mellor solución: o proceso de búsqueda de solucións implica os seguintes pasos:
 - Imaxinade todas as posibles solucións ao problema, fomentando ao máximo a creatividade do grupo.
 - Analizade os pros e contras de cada unha delas
 - Determinade cal ou cales son as mellores solucións, a xuízo do grupo.

A pregunta clave desta fase é: ¿Que facer? ¿Que solución ten o problema?

5. Preparar a acción é: determinar que accións concretas hai que emprender e repartir as responsabilidades entre os membros do grupo. Trátase de responder á pregunta ¿Como facer? ¿Que accións hai que emprender? ¿De que se responsabiliza cada un?.

BIBLIOGRAFÍA

- TORREGO JUAN CARLOS (2002); Mediación de conflictos. Narcea
- MONJAS CASARES M^a INÉS (2004); Programa de enseñanza de habilidades de interacción social (PEHIS). Cepe.
- DÍAZ AGUADO M^a JOSÉ (1996); Programas de educación para la tolerancia.
- HERSH R. e REIMER J. (1988); El crecimiento moral, de Piaget a Kohlberg.. Narcea
- NOVARA DANIELE e PASSERINI ELENA (2005); Educación socioafectiva. 150 actividades para conocerse, comunicarse y aprender de los conflictos. Narcea.
- MARTÍN HERNÁNDES ESTUDITA (2001); ¿Cómo mejorar la autoestima de los alumnos, habilidades sociales complejas. CEPE
- BRUNET e NEGRO (1993); Tutoría con adolescentes. Ediciones San Pio X.
- ÁLVAREZ GARCÍA D. ÁLVAREZ PÉREZ L. NÚÑEZ PÉREZ J.C. (2007); Aprende a resolver conflictos. Programa para mejorar la convivencia escolar. Cepe.